



NOTIFICACIÓN

Poño no seu coñecemento que a Sra. Alcaldesa-Presidenta, o día 28 de agosto de 2015, dictou o seguinte:

"DECRETO

Polo presente, no uso das atribucións establecidas no artigo 21.1.c) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/03, do 16 de abril, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; no artigo 61.1.c) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; e no artigo 41.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a dispoñer:

PRIMEIRO.- CONVOCAR A SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FORCAREI, a celebra-lo vindeiro **DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2015, VENRES**, que terá lugar no salón de Plenos da Casa do Concello as **TRECE HORAS (13,00 horas)** en primeira convocatoria e dous días despois, en segunda, entendéndose convocada automaticamente.

SEGUNDO.- Comuníquese ós concelleiros da Corporación de Forcarei, pónfase a súa disposición o expediente da sesión e cùmpranse tódalas determinacións vixentes na materia, segundo o artigo 81 do R.O.F.

De conformidade co disposto no artigo 12.1 do R.D. 2568/86, do 28 de novembro, deberase comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, na Secretaría do Concello.

A sesión celebrarase co arreglo ó seguinte:

ORDE DO DIA

1.- ACORDO PLENARIO EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO.

Forcarei, 28 de agosto de 2015.
A SECRETARIA

Asdo: M^a Elena Suárez Fernández



**SRES. CONCELLEIROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO
CONCELLO DE FORCAREI**